

**NOTA DE PRENSA 049/23**  
**7 DE XULLO DE 2023**

**METADE DE CURSO PARA OS DOUS EQUIPOS BECADOS POLA FGA NO  
RALLYE SUR DO CONDADO**

Os dous equipos becados pola Federación Galega de Automobilismo formados por Alexis Vieitez e Cristian Álvarez e Marcos Maceiras e Sergio Iglesias afrontan unha nova parada do seu proxecto deportivo, o Rallye Sur do Condado.

Nunha temporada de aprendizaxe, ambos sobre os Nissan Micra N5 do preparador RMC, os dous conxuntos afrontan coas expectativas altas unha nova proba de casa, xa que ambos son da provincia de Pontevedra.

Condicionados pola climatoloxía, sempre extrema nesa zona de Galicia, Alexis Vieitez destaca que “é un rallye máis no noso proxecto coa mesma mentalidade de sumar experiencia e desfrutar deste premio que é correr becados pola FGA. Na anterior proba foi o meu rallye da casa e nesta é a do meu copiloto, así que tentaremos facelo o mellor posible”.

Cristian Álvarez, pola súa banda, afirma que “ para min é o rallye da casa e polo tanto moi especial, máis este ano que participamos becados pola FGA no N5 de RMC. Imos procurar levar un ritmo alto dende o principio para facelo o mellor posible”.

Marcos Maceiras, que está a mellorar progresivamente os seus cronos co Nissan, considera que “vai ser un rallye complicado e non nos imos meter en complicacións. O propósito é rematar a proba e retomar o bo camiño dos resultados”.

O seu copiloto, Sergio Iglesias, vai máis aló e incide en que “despois dos dous últimos abandonos o propósito é recuperar as sensacións e rematar a proba. Queremos desfrutar da proba para coller ritmo para a segunda metade da tempada”.

A proba dará comezo o venres 7 de xullo coa cerimonia de saída en Salvaterra do Miño as 21:00 para afrontar o sábado 8 de xullo os 12 treitos cronometrados da proba con final preto das 23:00 horas da noite na vila pontevedresa.

## Itinerario Horario Rallye Sur do Condado 2023

### *VENRES 7 DE XULLO*

21:00 // Cerimonia de Saida

### *SABADO 8 DE XULLO*

08:50 // TC1 - Transportes Augusto

09:38 // TC2 - Pixeralía

10:27 // TC3 - Pais Automoción

12:52 // TC4- Transportes Augusto

13:40 // TC5 - Pixeralía

14:59 // TC6 - Pais Automoción

17:45 // TC7- Sumelga

18:18 // TC8 - Electricidad Condado

19:26 // TC9 - Talleres Sermiño

20:57// TC10- Sumelga

21:30 // TC11 - Electricidad Condado

22:23 // TC12 - Talleres Sermiño

22:54 // Cerimonia Fin de Rallye